

Texto e ilustracións: **PALOMA VALDIVIA**  
Tradución: **MANUELA RODRÍGUEZ**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

36 páxinas. Ilustracións en color

Dispoñible en:

- Galego: "Os de arriba e os de abaixo"  
Demademora. ISBN 978-84-8464-691-4
- Castelán: "Los de arriba y los de abajo"  
Libros para Soñar. ISBN 978-84-96388-28-4
- Catalán: "Els de dalt i els de baix"  
Kalandraka-Hipòtesi. ISBN 978-84-936667-7-4
- Portugués: "Os de cima e os de baixo"  
Livros para Sonhar. ISBN 978-989-8205-17-9
- Italiano: "Quelli de sopra e quelli di sotto"  
Libri per Sognare. ISBN 978-88-95933-22-1

Prezo: 13 €

## OS DE ARRIBA E OS DE ABAIXO



**Existen dous tipos de habitantes:  
os de arriba e os de abaixo.  
Os de arriba viven igual que os de abaixo  
E os de abaixo viven igual que os de arriba,  
pero ao revés.**

Este álbum destaca pola sinxeleza e orixinalidade da súa proposta narrativa e estética. Parte da concepción do mundo ao revés, dunha especie de reflexo da realidade nunha dimensión paralela. Lonxe de imaxinar que practican estilos de vida diferentes ou antagónicos, o plantexamento consiste en que son mundos que conviven, comparten costumes e se complementan, coa única diferenza de que os acontecementos transcorren en planos opostos... que se se dobran, poden atoparse e coincidir.

Un álbum para ler do dereito ou do revés, a gusto do lector; ideal para compartir a dúas bandas. As ilustracións preséntannos unha peculiar veciñanza, con personaxes de formas básicas, esceas simétricas, cores suaves e cálidas.

**PALOMA VALDIVIA** (Chile, 1978)

Estudou Deseño na Universidade Pontificia Católica de Chile e posteriormente realizou un curso de posgrao en Ilustración na Escola EINA, de Barcelona. Traballa como ilustradora para diversas editoriais, museos e medios de difusión gráficos, en países como Chile, China e España. Tamén exerce como ilustradora asistente do artista Miguel Gallardo. Publicou uns 15 álbums para público infantil. Outra das súas facetas é como guionista e ilustradora de series de televisión para nenos. Entre os galardóns que recibiu figura o Premio Internacional Bib Plaque, na XVIII Bienal de Ilustración de Eslovaquia. É profesora de ilustración en dous centros universitarios chilenos. Na actualidade reside en Barcelona. Ilustrou a escolma poética de

Gabriela Mistral, editada por FAKTORÍA K na colección "Trece Lúas".

- **Temática:** a relación entre os habitantes de dous mundos paralelos que transcorren arriba e abaixo
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos
- **Aspectos destacables:** diagramación e formato do álbum, con textos e ilustracións que se poden ler en dous sentidos
- **Aplicacións:** as relacións sociais, o espazo, a direccionalidade; xeografía, diversidade cultural; diferenzas entre continentes: clima, costumes

